



www.cultura.gal

Itinerancia da mostra

Biblioteca Pública
de Santiago Anxel Casal
4 maio - 12 xuño

Biblioteca Pública de Pontevedra
Antonio Odriozola
14 xuño - 10 xullo

Ourense. Sala municipal José
Ángel Valente
12 xullo - 7 agosto

Vigo. Edificio Administrativo
da Xunta de Galicia
9 - 30 agosto

Biblioteca Pública de Lugo
2 - 28 setembro

Melide. Sala de exposicións da
Casa da Cultura
30 setembro - 25 outubro

Biblioteca Pública da Coruña
Miguel González Garcés
27 outubro - 27 novembro

Cervo. Sala de exposicións de
Sargadelos
29 novembro - 20 decembro


Depósito Legal: C 638 - 2016



JOSÉ MARÍA CAO LUACES, UN GALEGO PATRIARCA DA CARICATURA ARXENTINA

EXPOSICIÓN


Do 4 de maio ao 20 de decembro de 2016



A exposición *José María Cao Luaces, un galego patriarca da caricatura arxentina* chega ás bibliotecas a través dunha exposición que ten como principais obxectivos poñer en valor e dar a coñecer entre a cidadanía a obra e a figura deste destacado debuxante galego.

Promovida pola Consellería de Cultura, Educación e O.U., a través da Secretaría Xeral de Cultura, e en colaboración co Club de Prensa de Ferrol, a mostra recupera a obra dun artista que contribuíu decisivamente a que a ilustración arxentina eclosionase no final do século XIX e comezos do XX.

José María Cao Luaces, que acadou un lugar de privilexio nas mellores publicacións periódicas da Arxentina, merece non soamente unha lembranza sentida, senón unha presenza actualizada en Galicia. Con este fin, a exposición reúne unha escolma de 40 caricaturas que poñen de manifesto as distintas etapas polas que pasou o seu creador. Obras que permiten admirar o talento e a habelencia dun debuxante excepcional e que se erixiu como un dos grandes creadores desta forma de arte no seu tempo.



JOSÉ MARÍA CAO LUACES

Nado en Cervo (Lugo) en 1862. Cunha vida itinerante inicial, regresa a Galicia cando seu pai logra un emprego en Sargadelos, onde ingresaría el con trece anos, polas súas aptitudes excepcionais para o debuxo.

En 1877 a familia vese obrigada a emigrar a Xixón, onde pai e fillo entran na fábrica de louzas *La Asturiana*. Alá Cao Luaces colabora co escultor José María López Rodríguez, autor de tallas coma as de Don Pelayo e Jovellanos, que o fixeron moi popular. José María axudouno en imaxes monumentais do templo de San Agustín. O escultor recomendou ao pintor Nemesio Martínez Sienra, excelente debuxante e pedagogo, que influíu na formación artística e intelectual do mozo Cao. Fai unha tentativa en Madrid de colaborar con *La Ilustración Gallega y Asturiana*, xa agonizante e, desalentado, trasládase á Coruña.

Como galeguista, milita no Partido Republicano Federal, pero, quizais polo falso patriotismo do partido, aos 25 anos marcha á Arxentina. Alá fai caricaturas

para pagar as pasaxes da súa compañeira e outros familiares.

Buenos Aires recibía emigrantes de toda Europa e tiña boísimos debuxantes, pero Cao convértese no máis valorado de todos. Colaborara na revista *El Sudamericano* e unha caricatura política custáralle oito días de cárcere, cun proceso do que saíu absolto, coa defensa do avogado galego Mariano Varela. Comezaba unha brillante carreira profesional, ata chegar a publicacións da sonda de *Don Quijote* ou *Caras y Caretas*. *Don Quijote* e o seu fundador, Eduardo Sojo –de pasado anarquista madrileño– conseguiu que dimitise o goberno do xeneral Roca. Entusiasmado, Cao ofreceulle a súa colaboración e, cando o ano seguinte Sojo volve a Madrid, Cao encárgase da dirección do xornal ata o peche, en 1893, por orde governamental. Maduraría como artista en *Caras y Caretas*, *Fray Mocho*, *Crítica* etc. Abraía pola capacidade de se axear ás innovacións e de manter o selo persoal. Empezou influído por Daumier e remata por crear personaxes que anuncian o nacemento do *cartoon*. Co seu influxo indirecto, Castelao crearía a moderna escola galega de humor gráfico.